


JOSE ANTONIO MONTERO PARDO
NOTARIO
EL SALVADOR, 32.1.º A
TEL. 59 28 66 / 59 26 62
FAX 68 53 62
SANTIAGO

EXCELENCIA
1998/3810
62 3214
24.4.98 a 12.15

1998
Año

62=

Núm.

ELEVACION A PUBLICO DE
ACORDOS SOCIAIS

Interven:

INST. G. MEDICINA TECNICA.S.A.



NUMERO OCHOCIENTOS VEINTICUATRO.

En Santiago, a miña residencia, o dezasete de abril
de mil novecentos noventa e oito.-----

Perante de mín, JOSE ANTONIO MONTERO PARDO, No-
tario do Ilustre Colexio de A Coruña,-----

C O M P A R E C E:

DON ENRIQUE OTERO SEIVANE, maior de idade, casa-
do, veciño do concello de Boqueixón, con domicilio
en Lestedo.- D.N.I. número 76.563.112.-----

O coñezo.-----

INTERVEN, como Secretario do Consello de Admi-
nistración, en representación da Sociedade "INSTITU-
TO GALEGO DE MEDICINA TECNICA, S.A.", con C.I.F.
A-15476740, domiciliada en Santiago, Praza de Europa
5-A, Oficiña Pranta 6ª-B; constituida mediante es-
critura outorgada perante o Notario de Santiago Don
Domingo Enrique Gutiérrez Aller o 11 de agosto de
1.994; e inscrita no Rexistro Mercantil no tomo 152,
folio 52, hoja nº C-12001.-----

Atópase facultado para este acto por acordo da

Xunta Universal da Sociedade do 14 de novembro de 1997, segundo consta en certificación expedida o 14 de marzo de 1.998 polo comparecente, como Secretario do Consello de Administración, co Vº Bº do Presidente Don José María Hernández Cochón, que incorporo a esta matriz, lexitimando as firmas ca autorizan.-----

Exposto o que antecede, o comparecente-----

O U T O R G A:

Que eleva a públicos os acordos reseñados na certificación incorporada, relativos á modificación dos artigos 9, 16, 19 e 20 dos estatutos sociais, cuio contido tense aquí por integramente reproducido.-----

Feitas as reservas e advertencias legais, especialmente as relativas ó Rexistro Mercantil.-----


Leo esta escritura ó señor comparecente, pola sua elección; ratificaa, aporbaa e asinaa.-----

E eu, Notario, dou fe do contido neste instrumento público, extendido nun folio de papel para documentos notariais.-----

----- Siguen as firmas dos comparecentes.- Signado:
José A. Montero Pardo.- Rubricados e sellado.-----



Instituto Galego de
Medicina Técnica



2M2538697



D. ENRIQUE OTERO SEIVANE, Subdirector Xeral de Réxime Administrativo da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais de Xunta de Galicia e Secretario do Consello de Administración da Sociedade Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.

CERTIFICA

1º) Que en data 14 de novembro de 1.997 a Xunta Xeral Universal do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. aprobou por unanimidade a seguinte modificación de Estatutos da Sociedade:

1º) Artigo 9: Órganos da Sociedade:

Sustituir o apartado 2 actual quedando o artigo 9 redactado do seguinte

xeito:

9.1. A dirección, goberno e administración da Sociedade corresponde ós seguinte órganos:

A/ Xunta Xeral de Accionistas

B/ Consello de Administración

9.2 Os membros da Xunta Xeral de Accionistas e do Consello de Administración estarán suxeitos ó réxime de incompatibilidades que se derive da súa condición de acordo co réxime xeral que lle sexa aplicable.

2º) Artigo 16: Funcións do Consello de Administración.

Engadir ó remate do apartado k) un novo texto, quedando redactado o artigo 16 do seguinte xeito:

16.1. Con estricte suxeición á normativa vixente corresponderán ó Consello de Administración as seguintes funcións:

- a) A representación e dirección da sociedade, no marco fixado neste Estatutos e nas Leis.
- b) Fixa-los criterios de actuación da Sociedade dentro do marco fixado polos seus Estatutos




Instituto Galego de
Medicina Técnica

- c) Aproba-los regulamentos de Réxime Interior, así como os de Organización Interna, Estructural e Funcional.
- d) Adopta-las medidas e disposicións convenientes que garanticen o mellor cumprimento dos fins establecidos.
- e) Aprobación dos plans xerais, económicos, financeiros, operativos, de obras e inversión e a súa periodificación anual, que deben reflexarse nos presupostos anuais de explotación ou de capital que tamén aprobará.
- f) Aprobar periodicamente os plans de actividade e investigación, e ós seus resultados.
- g) Formula-lo inventario-balance anual, a liquidación do presuposto e da conta de resultados consecuencia da xestión de produción e económica da entidade no período anterior.
- h) Nomea-lo Director Xerente da Sociedade e determina-las condicións da súa contratación. A proposta do Director Xerente, nomeamento dos cargos directivos.
- i) Aproba-la política de persoal e réxime retributivo dentro dos límites legais.
- k) Autoriza-los contratos de obras, servicios e suministros da sociedade. Esta función será delegada no Director Xerente ata o límite fixado polo Consello. En todo caso, a Sociedade axustará a súa actuación en materia de contratación ós principios de publicidade, concorrência e obxectividade que rexen na contratación das Administracións públicas, agás que a natureza da operación que se vai realizar sexa incompatible con estes principios.
- l) Formula-la memoria anual da Sociedade.
- m) Aproba-los acordos e/ou convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins.
- n) Aproba-la política de ordenación de pagos e facturación proposta polo Director Xerente.



Instituto Galego de
Medicina Técnica



2M2538698



- o) Exerce-las accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da Sociedade.
- p) Proponer á Xunta Xeral Extraordinaria ou aumento ou diminución do Capital Social, previo cumprimento dos requisitos legais.
- q) Convoca-las Xuntas Xerais de Accionistas, xa sexan Ordinarias ou Extraordinarias, e executa-los seus Acordos.
- r) Calquera outra función non asignada expresamente a outro órgano.

16.2. Con subxección á normativa vixente o Consello de Administración poderá delegar as súas funcións no Director Xerente, comisións ou comités que constitua, ou cargos directivos da Sociedade, con excepción dos puntos b,c,e,g,h,i,l,m,p,q, todo elo sen prexuízo dos apoderamentos que poida conferir a calquer persoa, así como encomendar a entidades aspectos concretos da xestión.

16.3. A Delegación permanente dalgunha facultade do Consello requirirá o voto favorable dos dous tercios dos compoñentes do mesmo e non producirá efecto algun ata a súa inscrición no Rexistro mercantil.

3ª) Artigo 19: Director Xerente

Engadir ó remate un novo texto, quedando redactado o artigo 19 como segue:

O Consello de Administración nomeará un Director Xerente a proposta do Presidente, que se configura como órgano unipersoal executivo da Sociedade.

Este estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que se derive da súa condición de acordo co réxime xeral que lle sexa aplicable.

4ª) Artigo 20: Funcións do Director Xerente.

Engadir ó remate dos apartados l) e n) un novo texto, quedando redactado o artigo 20 de xeito seguinte:



Instituto Galego de
Medicina Técnica

Son funcións do Director Xerente

- a) Executar e facer cumprir os acordos de Consello de Administración e disposicións do Presidente.
- b) Ostentar por delegación do Consello de Administración a representación da sociedade fronte ás Administración Públicas, institucións e en xeral terceiros.
- c) Propoñer e executa-los plans estratéxicos e operativos que posibiliten o desenvolvemento armónico da Sociedade.
- d) Dirixir, xestionar, controlar, e inspeccionar de acordo coas directrices do Consello de Administración, a organización e actividades da Sociedade que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na prestación de servizos de acordo cos fins da Sociedade.
- e) Establece-los plans de actuación e presuposto de xestión e programas das Unidades empresariais e, en xeral, de toda as unidades organizativas da Sociedade.
- f) Propoñer e facer cumprir-las normas de funcionamento interno da Sociedade, globais e en cada unha das súas unidades organizativas.
- g) Supervisar todo os asuntos e operacións que aseguren que todos os fondos obtidos e gastados na maneira máis ventaxosa para a Sociedade.
- h) Elaborar e propoñer ó Consello de Administración o presuposto anual de gastos e ingresos en as súas revisións.
- i) Administra – lo Patrimonio de acordo coas Leis e as atribucións concedidas polo Consello de Administración.
- k) Ordeamento de pagos e xestión de tesourería, dentro dos límites que no seu caso lle sinala o Consello de Administración.
- l) Dentro dos límites fixados polo Consello de Administración, a contratación de bens, e obras, así como a contratación de obras, tendo en conta o disposto no apartado k), do artigo 16 dos presentes Estatutos.
- m) Propoñer ó Consello de Administración o nomeamento e cese dos directores que teña establecida a Sociedade.

2M2538699



Instituto Galego de
Medicina Técnica



n) Desenvolver e manter política de persoal. Seleccionar, contratar, sancionar, controlar e resolver as relacións laborais. A selección de persoal será efectuada con respecto ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. Para estes efectos, para a selección do seu persoal de cadro, será necesario un anuncio público de convocatoria, de acordo co disposto na Lei 10/1996, de 5 de novembro, ou na normativa que a substitúa.

A contratación de persoal de alta dirección someterase ós principios de mérito e capacidade, entre persoas que demostrasen a súa cualificación profesional

o) Informar regularmente ó Consello de Administración dos resultados de xestión, operativos e financeiros, elaborando a memoria do exercicio, balance de situación e conta de resultados.

p) Calquera outra función que lle delegue o Consello de Administración.

2º) Que, na mesma reunión de data 14 de novembro de 1997 a Xunta Xeral Universal do Instituto Galego de Medicina Técnica S.A. acordou por unanimidade facultar ó Secretario da Sociedade, Don Enrique Otero Seivane, para elevar a públicos os acordos adoptados nesa reunión.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 1998

VISTO E PRACE O PRESIDENTE

Asdo.: José María Hernández Cochón.

O SECRETARIO

Asdo.: Enrique Otero Seivane.

LIQUIDACION ARANCEL, R. D. 17/11/89

Núms.: 1, 4, 5, 6, 7 y Normas Generales.

Base: Documento sin cuantía.

----- Firmado: José A. Montero Pardo.- Rubricado
----- E COPIA da súa matriz, ca que concorre
que queda anotada. Para a sociedade outorgan
en catro folios de papel para documentos
serie 2M, números 2538696 e os tres seguintes
tivos. -----

----- SANTIAGO, a vinte de abril de mil
noventa e oito. DOU FE.-----



[Handwritten signature]

REGISTRO MERCANTIL DE LA CORUÑA

Inscrito el documento precedente en el tomo _____ del Archivo
Sección General, al folio _____ hoja n.º _____ Inscrito

La Coruña,

El Registrador,



REGISTRO MERCANTIL DE LA CORUÑA

Base aplicada para cálculo de honorarios

☐ Valores declarados ☐ Comprobación fiscal ☒ Actos de empresa

Números del Arancel

Honorarios

REGISTRO MERCANTIL DE LA CORUÑA

Inscrito el documento precedido en el tomo 2.041 del Archivo,
 Sección General 56 C-12011-dp Inscripción
26^a del Órgano
 de 1244 Registro
 Mercantil de la Coruña



El Registrador.
[Signature]

REGISTRO MERCANTIL DE LA CORUÑA

Base aplicada para cálculo de honorarios

☒ Valores declarados ☐ Comprobación fiscal ☒ Actos sin curación

Números del Arancel 1, 7, 20, 21 -

Honorarios 3.550.-

YO, JOSE-ANTONIO MONTERO PARDO, NOTARIO
 DEL ILUSTRE COLEGIO DE LA CORUÑA, CON
 RESIDENCIA EN SANTIAGO, -----

DOY FE:

Que la presente fotocopia extendida
 en DIEZ folios de papel común, rubricados
 y sellados por mí, coincide con su original que
 tengo a la vista.

Santiago, 24 JUN. 1998 de 1.9



[Signature]